

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE AGOSTO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de agosto, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa en funcións, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA (que se incorpora á sesión no punto número 14/633 da orde do día). Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 12 de agosto de 2009.

ÁREA DA ALCALDÍA

A Xunta de Goberno acordou crear unha Comisión interna para a coordinación dos protocolos e actuacións que procedan en relación coa incidencia da Gripe A (NIH) no persoal municipal no seu conxunto.

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E URBANISMO, MEDIO AMBIENTE E ZONA RURAL

1. LICENZAS.- Acordouse conceder as licenzas para construción de vivendas unifamiliares illadas nos seguintes Núcleos Rurais Tradicionais: a) Monte de Meda, parroquia de Monte de Meda, b) Fontemaíor, parroquia de Santa María Madanela de Coeses, c) Pedrafita, parroquia de San Pedro de Santa Comba, d) Carrigueiros, parroquia de San Vicente do Burgo e e) Galegos-Portiño, parroquia de Santiago de Afora (rúa do Fondal).

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Aprobouse a autorización para a realización de servizos extraordinarios e a súa forma de compensación, a unha traballadora social e a un traballador da Escola Obradoiro.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN.- Acórdase aprobar a selección dos admitidos á segunda fase do concurso para a redacción do proxecto, dirección da obra e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de rehabilitación da antiga cárcel do partido xudicial de Lugo (Proxecto 09ur2201 urban centro social e cultural antigo cárcere).

Tamén se acordou a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación dun concerto para a prestación do servizo municipal de sacrificio de gando no Concello de Lugo, así como a apertura do procedemento de adxudicación.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DEPORTES

4. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación do proxecto de modificación parcial da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Lugo.

Así mesmo, acordase a aprobación do proxecto de ordenanza reguladora do réxime de funcionamento do centro municipal da Casa das Linguas.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase aprobar o acordo co Ministerio de Economía e Facenda sobre “atribución de funcións” para o desenvolvemento do proxecto de iniciativa urbana (Urban-Lugo).

Lugo, 19 de agosto de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García